

BANDO

Para xeral coñecemento dos titulares de leiras e terreos nas zonas perimetrais comprendidas nos cincuenta metros dende o contorno dos lugares e edificacións, da obriga de xestión (limpando) a biomasa vexetal e retirando as especies arbóreas que se refiren na DA terceira da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Lei 3/2007 de 9 de abril xa citada; a Lei 6/2012 de 13 de outubro de mobilidade das terras e a Lei 7/2012 de 28 de xuño de Montes de Galicia e xa máis concretamente a Instrución 1/2018 de 26 de abril da Consellería de Medio Rural que dita as actuacións administrativas para o cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, así como a propia ordenanza municipal establécena a **OBRIGATORIEDADE** dos **TITULARES DE TERREOS** situados nas franxas perimetrais dos 50 metros dende as edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, gasoleiras e instalación industriais situadas a menos de 400 metros do monte, de proceder a limpeza da biomasa e a retirada de piñeiros (galego, do país, silvestre, de Monterrei e de Oregón), mimosas, acacias, eucaliptos, brecina, carqueixa, xesta, breixo, xestas e piornos, fentos, silveiras e toxos.

No prazo de quince días dende a publicación deste bando DEBERÁN proceder a limpeza e retirada da biomasa e especies reflectidas no xa citado perímetro de 50 metros todos os/as titulares de leiras e terreos deste Concello.

De NON facelo así, no prazo citado, e despois das oportunas comprobacións, procederase á investigación dos titulares, e se fose preciso, á execución forzosa, a cargo do titular do terreo, NON precisándose de autorización para o acceso aos terreos e dando traslado de elo á Xunta de Galicia para a imposición das sancións correspondentes e aplicación de multas coercitivas.

Confíase no cumprimento desta orde que ten como único obxectivo a protección das persoas e bens no caso dun incendio forestal e velar pola conservación do noso medio natural.

A Pobra de Trives, 8 de maio de 2018

O ALCALDE,

Asdo. Domingo Diéguez González

